

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 15.03.2018 Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 15 de marzo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas

- 1.1 22044 (10/POC-003584)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre a participación do Goberno galego e dos axentes económicos privados galegos na formulación das prioridades de inversión dos fondos procedentes do "Plan Juncker" que se destinen a proxectos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018
- 1.2 22978 (10/POC-003781)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis
Sobre o contido exacto do proxecto elaborado pola Asociación Española de Grosistas, Importadores, Transformadores e Exportadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (Conxemar) para a ampliación do recinto do Instituto Feiral de Vigo, así como os resultados que se poden esperar con esta actuación de ampliación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 246, do 24.01.2018
- 1.3 24414 (10/POC-004060)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a actividade mineira da empresa Pizarras Veira do Río, S.L. na parroquia de Santa María Maior, no concello de Mondoñedo, as denuncias da veciñanza referidas aos prexuízos que lles está a causar e as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018
- 1.4 24532 (10/POC-004104)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre os datos referidos aos furanchos con licenza existentes en Galicia, o cumprimento neles do disposto no anexo I do Decreto 215/2012 en relación coas tapas que poden servir e o control que se está levar a cabo ao respecto, así como as notificacións e as sancións tramitadas desde a súa entrada en vigor
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018
- 1.5 24950 (10/POC-004138)

Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre as axudas ás industrias electrointensivas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018

- 1.6 25958 (10/POC-004241)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vega Pérez, Daniel e 7 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do espazo "coworking"
situado en Mondoñedo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018
- 1.7 26701 (10/POC-004344)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación e conflito
laboral do persoal do servizo de mantemento do Complexo Hospitalario
Universitario de Ourense, as actuacións levadas a cabo ou previstas para
intermediar na súa resolución, así como as que está a aplicar para garantir o
cumprimento pola empresa adxudicataria das condicións do contrato
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268, do 28.02.2018
- 1.8 26803 (10/POC-004352)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e 2 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Dirección Xeral de Enerxía e
Minas, Augas de Galicia e a Dirección Xeral de Calidade Ambiental en
relación coas verteduras producidas nunha das balsas da mina existente nos
concellos de Touro e do Pino, a súa afección nos recursos hídricos da zona
e as medidas previstas para evitar a súa repetición no futuro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268, do 28.02.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2018

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Vicepresidenta

Sandra Vázquez Domínguez

P

Secretaria

Noa Presas Bergantiños

BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

Moisés Blanco Paradelo

P

Francisco Casal Vidal

EM

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Juan José Merlo Lorenzo

EM

María Isabel Novo Fariña

P

Marta Nóvoa Iglesias

P

José Manuel Pérez Seco

S

Miguel Ángel Tellado Filgueira

P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 22044(10/POC-003584)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a participación do Goberno galego e dos axentes económicos privados galegos na formulación das prioridades de inversión dos fondos procedentes do "Plan Juncker" que se destinen a proxectos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 12:36
Nº Rexistro: 22044
Data envío: 03/01/2018 12:36:18.608



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O plan anunciado polo novo presidente da Comisión Europea, Jean-Claude Juncker continúa avanzando na súa materialización, e si ben, a idea inicial de formular, despois de fortes presións dende a esquerda europea, un *Plan de estímulo á economía europea* de ata 315.000 millóns de euros nun prazo de tres anos, tería que activarse a mediados do ano 2015, pero adiouse ata o comezo de 2016.

Mentres que o resto dos investimentos terán que ser de carácter privado; e mesmo os multiplicadores da inversión que se están a utilizar son na nosa opinión, excesivamente optimistas. Pero o certo é que os fondos, escasos, procedentes deste plan están aí e os diferentes gobernos deberían de mostrar, nun contexto social e económico como o actual, a maior dilixencia na súas propostas de planificación e xestión.

Este futuro plan que terá un paquete de inversión centrado en infraestruturas de transporte, I+D+i, banda ancha, enerxía e reindustrialización xa deixou en evidencia ao Goberno de España nun primeiro momento, por que o noso, foi o único país que presentou un listado de posibles proxectos, sen o mais mínimo apoio técnico, e mesmo descritivo. Mesmo recoñecendo a escaseza dos fondos públicos (21.000 millóns de euros), a España lle corresponderían algo máis de 2.000 millóns de euros, e a Galicia algo máis de 100 millóns de euros, en termos “per cápita”.

Se temos en conta que o ministro De Guindos declarou o 22 de decembro de 2014 que o importe dos proxectos españois para o *Plan Juncker* supoñen case 53.000 millóns de euros, un enfoque na nosa opinión excesivamente optimista, salvo que o Goberno de España faga unha forte aposta pola inversión pública que ata o de agora non fixo, a Galicia lle corresponderían inversións en torno aos 2.500 millóns de euros.

Xa a finais de 2016, os 28 acordaron ampliar o *Plan Juncker* ata 2020, cun novo obxectivo, mobilizar 500.000 millóns de euros de inversión para financiar novos proxectos. A idea é priorizar os destinos nas Pemes, o sector enerxético, investigación e desenvolvemento, sector dixital ou transportes.

Neste mesmo mes de febreiro de 2017, o Goberno de España vén de declarar que o nos país é o principal beneficiario do *Plan Juncker*, e considera moi satisfactorio que se teñan financiado no primeiro ano de aplicación 27 proxectos en España, cunha inversión total de 2.866 millóns de euros, o 11,55 % da cantidade mobilizada (falaríamos de en torno 140 millóns de euros que lle corresponderían a Galicia).

Sería imprescindible que ante estes novos escenarios, e tendo en conta a absoluta opacidade do Goberno galego en relación con estes fondos, tivera unha participación activa nunha nova planificación á hora de optimizar o rendemento económico e social das mesmas para a nosa poboación á hora do seu desenvolvemento.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Recibiu o Goberno galego por parte do Goberno de España algunha petición de achegas de prioridades de inversión á hora de presentar os proxectos estatais para recibir axudas procedentes do *Plan Juncker*?
2. Producíronse reunións de traballo entre os dous gobernos e os axentes económicos privados en torno a este tema?
3. Cales foron os criterios e prioridades de inversión que formulou o Goberno galego, ante as demandas dos axentes económicos privados?
4. Foi receptivo o Goberno de España a estes criterios e prioridades de inversión?
5. Na fase de elaboración dos proxectos presentados polo Goberno de España, susceptibles de recibir axudas procedentes do Plan Juncker,



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 12:36
Nº Rexistro: 22044
Data envío: 03/01/2018 12:36:18.608



 **Grupo Parlamentario**

cal ten sido a participación do Goberno de Galicia no deseño dos que afectan a nosa comunidade?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

6. Cal ten sido a participación dos axentes económicos privados no deseño destes proxectos?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:13:05

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/01/2018 12:13:10

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 22978(10/POC-003781)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis

Sobre o contido exacto do proxecto elaborado pola Asociación Española de Grosistas, Importadores, Transformadores e Exportadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (Conxemar) para a ampliación do recinto do Instituto Feiral de Vigo, así como os resultados que se poden esperar con esta actuación de ampliación

Publicación da iniciativa, 246, 24.01.2018

A Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Teresa Egerique Mosquera, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A feira internacional do conxelado, Conxemar, que se celebra dende hai dezaioito anos en Vigo é un evento consolidado xa en Galicia cun impacto importante na nosa economía.

Por unha banda, só nos días de celebración da Feira o impacto económico na cidade de Vigo supera os 9 millóns de euros nos sectores da hospedaxe, a hostalería e o transporte, e por outra banda pon de manifesto a importancia da pesca en Galicia, que xera máis de 33.000 empregos directos o que representa máis da metade do emprego do sector en España.

Na última edición da feira, Conxemar logrou o seu récord de participación, con 583 expositores (un 7% máis que en 2015) procedentes de 43 países (cun incremento de preto dun 20%), polo que o recinto no que se ven celebrando a feira quedou xusto, incluso pequeno, xa que os organizadores víronse na obriga de rexeitar algún expositor por falta de espazo.

O recinto no que se celebra Conxemar é o IFEVI (Instituto Feiral de Vigo) que



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22978
Data envío: 12/01/2018 14:01:04.638

actualmente conta con tres pavillóns que ocupan unha superficie de 30.000 metros cadrados, superficie insuficiente para as dimensións da Feira.

Por ese motivo, o Padroado do IFEVI entregou á Consellería de Economía, Emprego e Industria un proxecto inicial elaborado pola Asociación Española de Maioristas, Importadores, Transformadores e Exportadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (Conxemar) para a ampliación do recinto vigués, cun orzamento de 3,2 millóns de euros financiados pola Xunta.

No Grupo Parlamentario Popular temos constancia de que a Xunta iniciou xa a tramitación do expediente para a ampliación do IFEVI, o que consolidará a celebración nese recinto, non só de Conxemar, senón doutros eventos de referencia a nivel europeo e internacional, ao tempo que abre novas oportunidades de negocio, mellorando a competitividade do IFEVI e beneficiando así ao conxunto do tecido económico empresarial tanto da comarca viguesa como de Galicia.

Neste punto gustaríanos coñecer máis en profundidade este proxecto e a folga de ruta que han seguir na Xunta de Galicia. Por ese motivo, os deputados asinantes formulamos as seguintes preguntas:

1. En qué consiste exactamente o proxecto elaborado pola Asociación Española de Maioristas, Importadores, Transformadores e Exportadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (Conxemar) para a ampliación do IFEVI?
2. Que resultados se poden esperar con esta actuación de ampliación do IFEVI?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2018

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22978
Data envío: 12/01/2018 14:01:04.638

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2018 13:38:18

Teresa Egerique Mosquera na data 12/01/2018 13:38:27

Maria Antón Vilasánchez na data 12/01/2018 13:38:40

Moisés Blanco Paradelo na data 12/01/2018 13:38:47

María Isabel Novo Fariña na data 12/01/2018 13:38:53

Marta Novoa Iglesias na data 12/01/2018 13:39:02

Cristina Isabel Romero Fernández na data 12/01/2018 13:39:10

Sandra Vázquez Domínguez na data 12/01/2018 13:39:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 24414(10/POC-004060)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a actividade mineira da empresa Pizarras Veira do Río, S.L. na parroquia de Santa María Maior, no concello de Mondoñedo, as denuncias da veciñanza referidas aos prexuízos que lles está a causar e as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto

Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 16:47
Nº Rexistro: 24414
Data envío: 30/01/2018 16:47:01.454

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a actividade mineira en Santa María Maio, no Concello de Mondoñedo e as denuncias da veciñanza polos prexuízos que ocasionan os traballos de Pizarras Veira do Río S.L.

A empresa Pizarras Veira do Río S.L. vén desenvolvendo a explotación da concesión de dúas cuadrículas mineiras no Concello de Mondoñedo (As Revas nº 5646 e Ampliación As Revas nº 5873).

De facto, con data 20 de xuño de 2016 a empresa comunica ao Concello de Mondoñedo a intención de levar a cabo o inicio da actividade mineira na cuadrícula denominada Ampliación As Revas para o que os Servizos técnicos municipais proceden a emitir un informe no que se expoñen unha serie de requirimentos, de acordo coa Lei do Solo, 2/2016, que a entidade non inclúe na súa comunicación.

Entre eles:

- O visado do proxecto de actividade que non foi asinado nin visado.
- A relación de elementos patrimoniais catalogados próximos á canteira.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 16:47
Nº Rexistro: 24414
Data envío: 30/01/2018 16:47:01.454

- Autorización ou informe favorábel dos órganos que ostentan a competencia sectorial, isto é, de cunca, ao estar dentro da zona do rego Lobreiro e do río Baos; autorización de paisaxe; servizo de infraestruturas agrarias de Medio Rural; servizo de Montes e da Dirección Xeral de Patrimonio.

Así mesmo, requíreselle á empresa un plan de restauración e proxecto construtivo da instalación de residuos mineiros e a licenza de obra se for preciso para o desenvolvemento da actividade.

Descoñecemos até o momento se Pizarras Veira do Río S.L. achegou a devandita documentación.

Neste contexto, cómpre sinalar que a actividade da empresa está a causar grandes prexuízos á veciñanza da parroquia de Santa María Maior que, organizada no colectivo de Afectados Louseiras do Val do Río Baos, ten denunciado diante da Valedora do Pobo esta situación así como no Concello de Mondoñedo.

O ruído, o po, danos en propiedades públicas e privadas, estragos e dano medioambiental, verquidos continuados de aceites e gasóleo na vía pública, a balsa de decantación reverte sobre o río Baos preto da presa onde se recolle auga para a veciñanza do Concello de Lourenzá; a destrución e apropiación de camiños públicos, destrución de soutos e creación de escolleiras, entre outros, son algúns dos prexuízos denunciados pola veciñanza.

Esta empresa ten recibido recentemente fondos públicos en forma de axudas para a ampliación e modernización instaladas no rural lugués, segundo informou o Delegado da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 16:47
Nº Rexistro: 24414
Data envío: 30/01/2018 16:47:01.454

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Conta Pizarras Veira do Río S.L. con toda a documentación en regra para o desenvolvemento da actividade mineira nas cuadrículas de explotación nº 5646 e 5873?
- Cóstanlle ao Goberno galego as sucesivas queixas da veciñanza de Santa María Maior polos prexuízos que está a ocasionar a actividade da empresa?
- Prevé adoptar o Goberno galego algunha medida para paliar esta situación denunciada polo colectivo de Afectados Louseiras do Val do Río Baos?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 16:47
Nº Rexistro: 24414
Data envío: 30/01/2018 16:47:01.454

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2018 16:45:14

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2018 16:45:19

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2018 16:45:23

Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2018 16:45:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2018 16:45:26

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2018 16:45:28

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 24532(10/POC-004104)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre os datos referidos aos furanchos con licenza existentes en Galicia, o cumprimento neles do disposto no anexo I do Decreto 215/2012 en relación coas tapas que poden servir e o control que se está levar a cabo ao respecto, así como as notificacións e as sancións tramitadas desde a súa entrada en vigor

Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24532
Data envío: 30/01/2018 19:25:38.512



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, Abel Fermín Losada Álvarez e Julio Torrado Quintela, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Os furanchos, tamén chamados “loureiros” porque era tradición destes locais anunciarse colgando unha rama de loureiro no enreixado ou no muro da casa, son casas particulares que habilitan unha zona como comedor ao público, xa sexa un baixo, un garaxe ou un galpón na eira, para servir o viño excedente da súa propia colleita, acompañados de comida caseira. O seu funcionamento adoita estar limitado ao inverno, á primavera e ao principio de verán, ata que se esgotan as existencias do excedente da colleita.

Semiclandestinos na súa orixe, dende o ano 2012 están regulados polo Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia, no que se afonda nos tipos de servizos que se poden ofrecer (incluídas as tapas que poden acompañar ao viño), temporadas e requisitos de funcionamento.

Ante esta situación os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o número de furanchos con licenza que hai na comunidade autónoma de Galicia, especificados por concellos e provincias?

2ª) É coñecedora a Xunta de Galicia de se nalgún destes establecementos se serven tapas distintas ás que fai referencia o anexo I no Decreto 215/2012?

3ª) Quen é o encargado de vixiar que se cumpra o Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia, e con que medios se conta para iso?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24532
Data envío: 30/01/2018 19:25:38.512



Grupo Parlamentario

4ª) Dende que entrou en vigor o Decreto 215/2012, tramitouse algunha notificación e/ou sanción, se for o caso, cantas, e en que concellos se deron estes casos e como están distribuídos?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 30/01/2018 19:15:46

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/01/2018 19:16:00

Julio Torrado Quintela na data 30/01/2018 19:16:08

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 24950(10/POC-004138)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as axudas ás industrias electrointensivas

Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado perrtencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o sua resposta oral na **Comisión 6ª, relativa ás axudas ás industrias electrointensivas**.

Desde hai practicamente dous anos o Grupo Parlamentario de En Marea vén insistindo aos Gobernos de Galicia e de España na necesidade de implantar de maneira urxente un sistema de axudas ás industrias electrointensivas, para a redución do custo da promoción da xeración de electricidade a partir de fontes renovables, con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado. Unha liña de axudas directas á industria, de carácter trienal, ao amparo das Directrices, 2014/C 200/101 de 28 de xuño de 2014, da Comisión Europea sobre axudas estatais en materia de protección do medio ambiente e enerxía 2014-2020. Axudas que xa se veñen desenvolvendo en Europa, sobre todo en Alemaña desde o ano 2015.

Todo elo ante a incerteza derivada das poxas de interrompibilidade que poñen en risco a viabilidade de moitas empresas galegas e de miles de postos de traballo. Entre elas: Alcoa; Megasa; Ferroatlántica; Finsa; Celsa; Intasa; e moitas outras.

Pois ben, o Goberno no ano 2017 parece que nos escoitou, por fin, e na disposición adicional centésima décima primeira do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado contemplou que o Ministerio de Enerxía, previo informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, estableza un sistema de axudas ás industrias "para a redución do custo da promoción da xeración de electricidade a partir de fontes renovables que soportan".

En concreto nos orzamentos de 2017 incorporouse unha partida de 150 M€ para este fin. Posteriormente no debate de orzamentos do Estado, esta partida foi reducida a 131 M€. Os 19 M€ detraídos foron a parar a proxectos en Canarias para comprar o voto de Nova Canarias.

A industria electrointensiva galega, sobre todo as empresas con menor capacidade de influencia política, leva varios anos perdendo participación nas poxas de interrompibilidade, que podería compensarse con esta nova liña de axudas. Desta maneira a súa competitividade e capacidade de xerar emprego vese fortemente deteriorada.

Oito meses despois non se sabe nada da Orde de convocatoria destas axudas para a compensación por custos adicionais derivados do financiamento do apoio á enerxía eléctrica procedente de fontes renovables.

Aínda que esta orde necesita aprobación da UE, ante a situación de que xa se está aplicando en Alemania, Italia e Francia, esta xestión debería de ter sido moi rápida se se xestionara dunha maneira adecuada.

Tendo en conta que unha parte importante desas axudas poderían ser recibidas por empresas galegas, damos por suposto que o Goberno de Galicia está implicado e ao tanto do desenvolvemento das mesmas. Por todo elo o **Grupo Parlamentario de En Marea** presenta a seguinte **Pregunta ao Goberno para a súa resposta na Comisión 6.ª**:

- 1.- Por que desde xuño de 2017, cando se aprobaron os orzamentos, non se publicou a Orde mencionada na exposición de motivos?
- 2.- A estas alturas poden darse por perdidos os 131 M€ da convocatoria de 2017?
- 3.- Ten a Xunta de Galicia información de cando se publicará a Orde de 2018?

4.- Coñece a Xunta de Galicia os requirimentos e condicións técnicas que se necesitarán para poder optar ás axudas?

5.- Puxo a Xunta de Galicia en coñecemento das empresas, para poder ir adaptándose, os devanditos requirimentos e condicións.

6.- Realizou a Xunta de Galicia algunha xestión ante o departamento competente da UE, para pór de manifesto a importancia decisiva destas axudas para as empresas de Galicia e, desta maneira, tratar de axilizar os prazos para que poidan ser implementadas?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal
Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 01/02/2018 18:27:04

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 25958(10/POC-004241)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 7 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do espazo
"coworking" situado en Mondoñedo

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 17:22
Nº Rexistro: 25958
Data envío: 09/02/2018 17:22:19.271

A Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Desde o Grupo Parlamentario Popular queremos interesarnos polo espazo coworking ubicado en Mondoñedo, na provincia de Lugo.

Mondoñedo alberga un dos oito espazos coworking de Galicia. Trátase dun programa de aceleración de emprendemento, impulsado polo Goberno galego, a través do Igape e en colaboración coa Escola de Organización Industrial (EOI). A través deste programa búscase promover a posta en marcha e consolidación de proxectos emprendedores, ofrecendo asesoramento personalizado, titorías, talleres formativos e acceso aos medios necesarios para desenvolver a súa idea de negocio.

Mondoñedo é un claro exemplo de que no rural tamén existen oportunidades de emprendemento e cómpre agora facer balance do funcionamento deste servizo.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego do espazo coworking ubicado en Mondoñedo?



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 17:22
Nº Rexistro: 25958
Data envío: 09/02/2018 17:22:19.271

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 09/02/2018 17:20:17

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 09/02/2018 17:20:46

Maria Antón Vilasánchez na data 09/02/2018 17:20:54

Moisés Blanco Paradelo na data 09/02/2018 17:21:00

María Isabel Novo Fariña na data 09/02/2018 17:21:06

Marta Novoa Iglesias na data 09/02/2018 17:21:13

Cristina Isabel Romero Fernández na data 09/02/2018 17:21:23

Sandra Vázquez Domínguez na data 09/02/2018 17:21:30

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 26701(10/POC-004344)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación e conflito laboral do persoal do servizo de mantemento do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, as actuacións levadas a cabo ou previstas para intermediar na súa resolución, así como as que está a aplicar para garantir o cumprimento pola empresa adxudicataria das condicións do contrato

Publicación da iniciativa, 268, 28.02.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26701
Data envío: 21/02/2018 19:07:36.715

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión 6ª**, relativa ao servizo de mantemento e seguridade industrial do Complexo Hospitalario de Ourense.

No 2014 foi adxudicado o servizo de xestión integrada de varios servizos non asistenciais, que incluía o de mantemento, do Complexo Hospitalario de Ourense por máis de 140 millóns de euros á empresa Ferrovial por un tempo de quince anos.

Na altura esta operación foi censurada por organizacións como o Bloque Nacionalista Galego por supoñer unha privatización de servizos como o de mantemento, até a altura cun cadro de persoal público, ademais de por supoñer macrocontratos en termos que imposibilitaban o acceso a eles as pequenas e medianas empresas. Xa no 2012 o BNG tiña censurado este tipo de adxudicacións a cambio de financiamento e de macroservizos que impedían a libre competencia.

Nos últimos anos as e os traballadores de servizos dependentes de Ferrovial teñen denunciado a vulneración dos seus dereitos laborais. Máis concretamente, recentemente o persoal responsábel do mantemento e, polo tanto, de elementos de grande importancia no ámbito hospitalario como cuestións de seguridade industrial, arranxos, etc. Falta de persoal, vulneración do convenio de siderometal e agravios



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26701
Data envío: 21/02/2018 19:07:36.715

comparativos con traballadores doutros hospitais son algunhas das cuestións graves que están a acontecer.

Así as cousas, recentemente o cadro de persoal traballador do servizo de mantemento celebraron diversas mobilizacións na procura da resolución da súa situación de desigualdade e unha convocatoria de folga indefinida.

O emprego xerado polas administracións públicas debe ser exemplarizante e polo tanto é urxente que a Consellaría de Sanidade e a Xerencia do Complexo Hospitalario de Ourense se impliquen na resolución do conflito. Por todas estas razóns...

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Cóñece o goberno galego a situación do servizo de mantemento do CHUO? Cal é a súa valoración?

-Ten avaliado a Xunta de Galiza as desigualdades laborais que motivan as protestas dos traballadores de mantemento do CHUO?

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo a Xunta de Galiza para intermediar na resolución do conflito no servizo de mantemento do CHUO?

-Considera o goberno galego que está suficientemente dotado economicamente o servizo?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26701
Data envío: 21/02/2018 19:07:36.715

-Ten avaliado o goberno galego o cumprimento das condicións de adxudicación de Ferrovial? E das condicións laborais dos traballadores? Que medidas aplica a Xunta de Galiza para asegurar o cumprimento?

-Tense reunido o goberno galego co cadro de persoal? Con que conclusión?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2018 19:05:04

María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2018 19:05:10

Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2018 19:05:11



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26701

Data envío: 21/02/2018 19:07:36.715

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2018 19:05:12

Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2018 19:05:14

Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2018 19:05:15

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 26803(10/POC-004352)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas, Augas de Galicia e a Dirección Xeral de Calidade Ambiental en relación coas verteduras producidas nunha das balsas da mina existente nos concellos de Touro e do Pino, a súa afección nos recursos hídricos da zona e as medidas previstas para evitar a súa repetición no futuro

Publicación da iniciativa, 268, 28.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:09
Nº Rexistro: 26803
Data envío: 22/02/2018 17:09:38.602



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na Comisión 6.^a, **relativa ás verteduras producidas nunha das balsas mineiras en Touro-O Pino.**

Estamos ante un novo desastre medioambiental derivado da actividade mineira en Touro-O Pino. As abundantes choivas dos últimos días provocaron o desbordamento dunha balsa na corta de Bama, causando un novo episodio de contaminación no río Brandelos.

A vertedura da balsa, situada a uns 100 metros da canle fluvial afectada e a unha elevación duns 50 metros sobre esta, é de cor turquesa-branquecina, formando espuma ao baterse e "agravando de xeito preocupante a situación do río Brandelos, que xunto con outras canles fluviais da zona de afección das antigas labores mineiras na zona de Touro, experimenta dende hai anos unha grave problemática ambiental polo desleixo das administracións e os efectos das drenaxes",

Como denuncia a Asociación Aldea Viva, a mencionada balsa é unha balsa mineira e non se trata dunha balsa de decantación de escorrentías executada como parte do proxecto de restauración ambiental, como parece que está a argumentar a empresa que explota a concesión. Esta balsa formaba parte xa no 1983 da explotación mineira, polo que é de prever que os lodos contaminantes, metais pesados e sustancias empregadas na depuración do mineral, encóntranse nela en altas concentracións.

O aporte deste caudal aos cursos fluviais, agrava aínda máis o penoso estado ambiental do Río Brandelos (tributario do Río Ulla). Por todo elo, dada a gravidade da situación Aldea Viva cursou instancias de actuación inmediata á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e a Augas de Galicia para actuar e intervir con prontitude, comunicándollo ao titular dos terreos onde se localiza a balsa para que proceda as actuacións pertinentes para evitar a continuación da contaminación.

Esta situación é "manifestamente incompatible" coa Directiva Marco da Auga (2000/60/CE), establecida para deter o deterioro do estado das masas de auga en todo o ámbito da Unión Europea e conseguir un bo estado dos recursos hídricos.

Esta norma afirma nas súas consideracións que "a contaminación química das augas superficiais representa unha ameaza para o medio acuático con efectos como toxicidade aguda e crónica para os organismos acuáticos, acumulación no ecosistema e perdas de hábitats e biodiversidade, así como para a saúde humana".

Considera, igualmente, que "é preciso identificar as causas da contaminación e tratar as emisión preferentemente na fonte mesma, da forma máis eficaz en termos económicos e ambientais", algo que, "en aparencia, a Consellería competente en materia de minas da Xunta de Galicia non está a realizar de maneira axeitada, por máis que o Director Xeral de Enerxía e Minas nos fale reiteradamente de «minería sostible» en apoio das empresas que desenvolven a tarefa extractiva”





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:09
Nº Rexistro: 26803
Data envío: 22/02/2018 17:09:38.602



Ante todo o exposto, **En Marea** presenta as seguintes **Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

- 1.- Que actuacións puxeron en práctica a Dirección Xeral de Enerxía e Minas, Augas de Galicia e a Dirección Xeral de Calidade ambiental antes os feitos referidos na exposición de motivos?
- 2.- Despois destes feitos, cales son as afectacións dos recursos hídricos nas zonas afectadas?
- 3.- Pode Augas de Galicia seguir afirmando que o estado das augas dos ríos afectados segue a ser totalmente apto segundo as normativas aplicables?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:09
Nº Rexistro: 26803
Data envío: 22/02/2018 17:09:38.602



4.- Que medidas de futuro pensa adoptar a Dirección Xeral de Enerxía e Minas ante a concesionaria para garantir que estes feitos non se volvan a repetir?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 22/02/2018 17:06:06

Antón Sánchez García na data 22/02/2018 17:06:16

Marcos Cal Ogando na data 22/02/2018 17:06:23